



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 27 DE NOVEMBRO DE 2014.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as nove horas e trinta minutos do día 27 de novembro de dous mil catorce, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. **Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas**, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez**
- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Antonio Lomba Baz**
- **D. M. Javier Crespo González**

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- ACORDOS

Vista a Resolución de 20 de novembro de 2014 pola que se aproba o Plan Marco: programa mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015, financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, órgano competente para elo, ACORDA:

Acolleerse e solicitar a subvención ó abeiro desta Resolución para:

“MELLORA E AMPLIACIÓN CAMIÑOS RURAIS EN CAMPOSANCOS”

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de OUTUBRO DE 2014 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 19 de novembro de 2014 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de R.P.P.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta alta por libre concurrencia.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 18 de novembro de 2014 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de R.R.A.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta alta por libre concurrencia.

Neste momento abandonan a sesión os Sres. Lomba Baz e Crespo González.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 14 de novembro de 2014 comunicando a setencia ditada o 10 de novembro de 2014 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 71/13 entablado por D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro contra resolución presunta de denuncia urbanística presentada o 13 de outubro de 2012 interesando a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística e demolición de obras realizadas pola Comunidade de Propietarios da Armona en relación á licenza concedida o 13.12.2011 para cambio de tellado nos edificios de dita Comunidade.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza que se comunica do 10 de novembro de 2014 e acorda dar traslado da mesma á Oficina Técnica municipal para a súa contancia no expediente.

Lese o escrito RE 6.928 de data 19 de novembro de 2014, presentado por DNA^a. MARIA JESÚS MARTINEZ MARTINEZ, en calidade de vogal do Partido Popular na Entidade Local Menor de Camposancos, solicitando a ancoraxe dos colectores de recollida selectiva ubicados nesta Entidade para evitar o seu desprazamento.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se correxirá en breve.

Lese o escrito RE 6.930 de data 19 de novembro de 2014, presentado por DNA^a. MARIA JESÚS MARTINEZ MARTINEZ, en calidade de vogal do Partido Popular na Entidade Local Menor de Camposancos, solicitando o arranxo da farola que está no Barrio de Salgueiró.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se lle encargou o electricista que fixera un repaso de todas as farolas.

Lese o escrito RE 6.929 de data 19 de novembro de 2014, presentado por DNA^a. MARIA JESÚS MARTINEZ MARTINEZ, en calidade de vogal do Partido Popular na



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Entidade Local Menor de Camposancos, solicitando a reposición do cristal que falta na marquesiña ubicada ó carón do transformador de Camposancos.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se está procedendo á súa reparación nestes días.

Lese o escrito RE 6.199 data 22 de outubro de 2014, presentado por DNA. MARGARITA VICENTE PEÑA, con enderezo na rúa Cal, nº 170 da Guarda, solicitando a anulación do recibo de auga municipal do 3º trimestre de 2014 relativo ó obxecto tributario Cal, nº 170 por unha fuga moi difícil de detectar e a emisión dun novo pola media ponderada.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda anular o recibo do 3º trimestre de 2014 do obxecto tributario Cal, nº 170 e emitir un novo pola media ponderada.

PUNTO 2.- ASUNTOS TRAÍDOS POR CONCELEIROS

Lese o escrito RE 6.766 de data 12 de novembro de 2014 presentado pola CONCELEIRA DE CONVERXENCIA GALEGA, solicitando información sobre os gastos do Concello na partida orzamentaria "atencións protocolarias e representativas".

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que o gasto de atención protocolarias e representativas dos órganos de goberno da partida 912/22601 é de 1485,45 euros. Significar, ademáis, que na partida 22601 se recollen atencións protocolarias e representativas dos diferentes departamentos do Concello (turismo,cultura, OMIX, CIM, etc..).

Sendo as dez horas e cincuenta minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.